

## CIENCIAS CON IDIOMA PROPIO

# As matemáticas teñen o seu porqué en galego

A Asociación Galega de Profesores de Educación Matemática non comparten a decisión da Xunta de impartir esta materia en castelán argumentando a “tradición”

VIGO | Ana Saá

“A lingua non serve para aprender Matemáticas, Física, Química ou Tecnoloxía”. Esta é unha das explicacións da Xunta á hora de impoñer o castelán para impartir estas materias. A outra ‘razón’ responde á “tradición” segundo o conselleiro de Educación, Xesús Vázquez. Realmente o uso do galego na ciencia resta coñecementos aos alumnos?

“Se atendemos á tradición, no franquismo só se falaba en castelán e non se impartiría nada en galego”, comenta Julio Rodríguez Taboada, docente e delegado en Santiago da Asociación Galega de Profesores de Educación Matemática (Agapema). “Dáselle a opción a un profesor, se ten as competencias necesarias, para poder impartir unha materia en inglés. E desde cando existe tradición neste idioma?”, engade.

Para os membros da asociación esta explicación carece de fundamento, sobre todo porque é unha ciencia que se autodefine. “Se realmente tiveran que escoller os castelanfalantes, ao mellor preferirían que se impartiran as Matemáticas en galego e non a Historia, porque así o alumno aprendería menos palabras nesta lingua”, manifesta Manuel Díaz, presidente de Agapema, asociación coa que non contactou Educación á hora de adoptar esta medida.

Este colectivo cre que a Xunta usa as teses de Galicia Bilingüe para xustificar o ataque á lingua. “A xente entende mellor o galego, a pesar de que sexa de modo decrecente, e o único que se está conseguindo é afastar a ciencia da poboación”, di Díaz. “Dá a sensación de que a lírica si pode ser en galego pero a ciencia non, o que é un erro”, engade.



Un alumno realiza operacións matemáticas.

## Necesidade de constante actualización

Coñecidas tamén como ciencias exactas, lonxe de pensar que as matemáticas non precisan actualización, o certo é que os tempos cambiaron. “Non é a mesma materia que hai 30 anos, cando se estudaba o cálculo fundamental, sobre todo co uso da calculadora”, explica Julio Rodríguez. “Ademais, hai que ensinarlle

Segundo os docentes, antes de tomar esta decisión non houbo queixa por parte dos alumnos nin das familias. “A través desta polémica coñecemos algún profesor que prefería o castelán, pero son casos minoritarios, sobre todo de xente que non é de Galicia”, comenta Manuel Díaz. “Aínda hoxe se conciben linguas de primeira e de segunda”, denuncia.

Que un estudante se exprese me-

aos rapaces a utilizar Internet e os docentes deben aprender a manexar os medios tecnolóxicos nas aulas”, afirma, e engade: “No ensino é imposible non actualizarse”.

Para Manuel Díaz, presidente da Asociación Galega de Profesores de Educación Matemática, os docentes non poden empregar as mesmas ferra-

llor en galego ou en castelán depende da lingua que fale habitualmente. “Non se pode negar que os galegofalantes se desenvolven mellor en castelán que os castelanfalantes en galego, xa que reciben moita información en castelán a través de Internet ou da televisión que ao revés non se dá”, explica Julio Rodríguez.

Porén, para o presidente de Agapema, depende da zona xeográ-

ficas. “Lugo e Ourense son cidades máis galeguizadas que A Coruña ou Vigo, polo que se discrimina a algúns”, afirma.

**Manuais didácticos**

Algúns mestres comentan que os alumnos teñen dificultades coas Matemáticas. Mudaría a situación se se imparte en castelán? A postura é clara: esta materia ten unha

mentas que hai anos. “Os profesores teñen que traballar en favor dos alumnos e ensinalles competencias relacionadas coa vida real para conseguir que aprendan máis”, reconece. “Os docentes deben actualizarse porque estamos ante alumnos ‘nativos dixitais’ e non recoñecen o interese se non se lle presenta máis cercano”, engade.

### Manuais didácticos

Alguns mestres comentan que os alumnos teñen dificultades coas Matemáticas. Mudaría a situación se se imparte en castelán? A postura é clara: esta materia ten unha

linguaxe propia na que non se precisa da escritura, senón de símbolos e números. “Os que fan mal en Matemáticas non cambiarán pola cuestión do idioma”, explica Julio Rodríguez, docente do IES dos Dices, en Rois (A Coruña), instituto no que todos os alumnos son galegofalantes. “O que non ten sentido é que despois de seis ou sete anos afeitos a nomes e propiedades matemáticas en galego agora teñan que aprender outros termos”, engade.

Segundo Rodríguez, salvo algún caso puntual, a convivencia das dúas linguas é máis normal do

O programa Descartes do Ministerio de Educación achega material en galego para esta área

que pode parecer. “A discriminación por recibir ensinanzas en galego non é unha realidade conflitiva nas aulas”, comenta.

Julio Rodríguez tamén é autor de varios manuais didácticos, entre eles *Obradoiro de Matemáticas* (Baía Edicións). Aínda que el no adoita empregar libros de texto nas súas aulas, ve problemas de cara ao futuro nas edicións. As editoriais publican novos manuais con aulas multimedia e a maioría en castelán “porque non compensa traducilos”.

O interese da Xunta por eliminar o galego desta materia choca coas accións do Ministerio de Educación, que aporta materiais en galego no programa Descartes. “É inconcebible que o ministerio achegue ferramentas en galego para as ciencias mentres a consellería pensa en excluíla como lingua nesta área”, denuncia.

## O Día da Ciencia en Galego reivindica o uso da lingua neste campo

A asociación Agapema, xunto con outras institucións, organizou o 4 de novembro de 2010 o Día da Ciencia en Galego, dedicado a Afonso X, Ramón María Aller e James Clerk Maxwell. Nesta celebración participaron máis de cen centros escolares de Galicia, que colaboraron nunha actividade lúdica que tiña ao papavento como protagonista.

Unha das decisións que levaron á constitución desta xornada era a necesidade de facer visible o papel determinante da ciencia e da tec-

noloxía na cultura en galego. “A negación da existencia de ciencia en galego e de ciencia galega terá importantes consecuencias no futuro do país, xa que transmite a idea preconcebida dun pobo sen pasado, sen ciencia, dun pobo colonizado incapaz de xerar cultura científica”, afirma o manifesto elaborado para esta celebración.

O labor de divulgación ten claros obxectivos: dar a coñecer a competencia didáctica e científica do profesorado de ciencias, matemáticas e tecnoloxía en galego; pre-

sumir do profesorado de Ciencias máis preparado e eficiente, facendo que o Día da Ciencia en Galego sexa unha homenaxe a este colectivo, así como tamén ao alumnado e á cidadanía que goza coa ciencia; e reivindicar a lingua natural dos galegos, que é o galego, porque con ela transmítese emocións, sentimentos e maneiras de ver a vida que tñene miles de anos de antigüidade e que axuda a transmitir os coñecementos, mesmo para aqueles que falan outras linguas.

“No Día da Ciencia en Galego reclamaremos que os galegos teñamos quen nos comunique novas, quen nos dea conta dos últimos achados dunha forma rigorosa e crítica. Reclamamos a ciencia, o galego, e a Ciencia en galego”, engade o comunicado da organización.

O núcleo da próxima edición será previsiblemente o Ano Internacional da Química. “Resulta fundamental institucionalizar o Día da Ciencia en Galego, e agora esperamos organizar todo con máis

tempo e xogando coa vantaxe de que a xente xa coñece que existe esta efeméride”, explica Manuel Díaz, presidente de Agapema e un dos promotores da iniciativa.

O Boletín de Ciencias de Enciga (Ensinantes de Ciencias de Galicia), o revista *Gamma* de Agapema, as múltiples exposicións (Matemáticas 2000, Matemáticas para disfrutar, Xeometría 3D) e numerosos concursos (Rallies Matemáticas, Concurso Galego de Robótica...) son un exemplo de publicacións e actividades en galego.